

PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA 2009

BASES DA CONVOCATORIA

1.- DESTINATARIOS

Persoal das administracións locais que se adheriron ao Plan agrupado de formación continua 2009:

Deputación Provincial da Coruña

Concellos de:

Abegondo, Ames, Aranga, Ares, Arteixo, A Baña, Arzúa, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, A Capela, Carballo, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Cesuras, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dodro, Dumbría, Fene, Ferrol, Fisterra, Frades, Irixoa, Laxe, A Laracha, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Mugar dos, Muxía, Muros, Narón, Neda, Negreira, Noia, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza dos Ríos, Paderne, Padrón, O Pino, A Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, As Somozas, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Valdoviño, Val do Dubra, Vedra, Vilasantar, Vilarmaior, Vimianzo, Zas, Cariño.

Outras entidades locais:

Consortio das Mariñas, Consortio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, Mancomunidade Arousa-Norte, Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes, Consortio para a Promoción do Turismo, Consortio para a Promoción da Música da Coruña. Mancomunidade de Concellos da Serra da Barbanza.

2.- SOLICITUDES

As solicitudes de asistencia ás accións que conforman este plan, segundo os modelos adxuntos, específicos para o persoal da deputación ou das restantes entidades adheridas, dirixiranse ao presidente da Deputación da Coruña (Alfárez Provisional, 2 - 15006 A Coruña), e presentaranse por algún destes medios:

- Rexistro Xeral da Deputación.
- Rexistro das entidades locais que subscribiran o oportuno convenio en aplicación do artigo 38.4b) da Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Lémbrese aos concellos que deben remitir as solicitudes que existiren dentro dos 3 días hábiles seguintes a súa presentación, utilizando medios que garanten a súa pronta chegada ao Rexistro Xeral da Deputación.
- Correo certificado.

Non se admitirán as solicitudes que non teñan cubertos todos os seus epígrafes, ou aquelas as que lles falten as sinaturas requiridas, ou non sexan orixinais.

Cada persoa poderá solicitar a súa asistencia a un máximo de 5 accións formativas

O prazo para presentar as solicitudes, dirixidas ao presidente da Corporación provincial, remata o 21 de maio de 2009.

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso e á imposibilidade de participar en calquera outro desta anualidade.

Os datos de asistencia facilitados na folia de solicitude incorporaranse nun ficheiro automatizado, sendo tratados de forma confidencial (Lei 15/1999) e unicamente poderán utilizarse para o estrito cumprimento das funcións derivadas das accións de formación. Entre elas inclúese a súa cesión a empresas que desenvolvan funcións de coordinación de cursos.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación en calquera momento, dirixíndose por escrito á Deputación Provincial da Coruña, rúa Alférez Provisional nº 2, 15006 A Coruña .

Para calquera información relativa ao Plan de formación 2009, poden contactar coa Sección de Formación por correo electrónico (formacion@dicoruna.es) ou por teléfono (981 080 385 extensións: 4656, 4657, 4658, 4659,4655)

3.- SELECCIÓN

O persoal participante seleccionárase consonte aos seguintes criterios:

- 1.- Criterios específicos de cada curso. (Perfil do destinatario).
- 2.- Criterios xerais segundo a seguinte orde:
 - a) Prioridade da elección establecida na solicitude.
 - b) Apelidos e nome en orde alfabética ascendente.

A Deputación da Coruña resérvase a capacidade de engadir outros criterios, se fora necesario, para facer esta selección.

Os solicitantes recibirán un escrito comunicándolles os cursos nos que foron admitidos. **As persoas admitidas e que por circunstancias sobrevidas non poidan asistir, deben comunicalo o mais axiña posible mediante escrito dirixido á Sección de Formación** (correo ordinario, ou electrónico), para que outra persoa poida ocupar a súa praza. Non facelo pode significar a baixa en posteriores cursos.

4.- RÉXIMES DE ASISTENCIA E CERTIFICADOS

A.- A expedición de certificados de asistencia supeditase á acreditación dunha presenza mínima do 85% das horas lectivas programadas, aínda que as faltas estean xustificadas.

B.- As persoas admitidas e que por calquera circunstancia sobrevida non poidan asistir, deben renunciar mediante un escrito dirixido á Sección de Formación. A deputación valorará a admisión en futuros cursos, tanto deste ano como dos vindeiros, das persoas que non cumpran este requisito.

C.- Os admitidos nun curso que teñan unha asistencia inferior ao 85% das horas lectivas, deben xustificalo por escrito diante da Sección de Formación. A deputación estimará a admisión en futuros cursos das persoas que incorran nesta circunstancia.

D.- Se o importe da axuda do INAP para o financiamento deste plan o permite, faranse probas finais para determinados cursos, especialmente os de informática. De facelo, entregárase certificado de aproveitamento ás persoas que ademais de cumprir o réxime de asistencia establecido, superaran as ditas probas. As persoas que cumprindo o réxime de asistencias non superaran as probas, acadarían certificado de asistencia.

5.- MODIFICACIÓNS

A deputación resérvase a facultade de interpretar ou resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento dos cursos, así como de cancelalos ou variar o número de edicións previsto en función das solicitudes que se reciban, e do importe da subvención do INAP.